

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS****A XUNTA FAI ENTREGA Á PRESIDENTA DO PARLAMENTO DOS DATOS QUE COMPLEMENTAN A RESPOSTA PARLAMENTARIA AO GRUPO AGE**

A Xunta de Galicia, a través do seu director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentaria, entregou hoxe á Presidenta do Parlamento os datos que complementan a resposta á pregunta parlamentaria 6.687 do Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerdas ao respecto dos pagos realizados desde a Xunta de Galicia a empresas de Marcial Dorado Baúlde nos últimos vinte anos:

- A legislatura na que máis pagos fixo a Xunta a empresas de Marcial Dorado Baúlde foi na 2005-2009, co goberno bipartito PSOE-BNG: 131.799,10 euros
- Case a metade -o 45%- do total dos pagos realizados a empresas de Marcial Dorado Baúlde nos últimos vinte anos producíronse durante os catro anos do goberno bipartito PSOE-BNG. O 45% -131.799€- durante os catro anos do goberno bipartito; o 55% -162.344€- durante 16 anos de gobernos do PP.
- As legislaturas nas que menos diñeiro recibiron as empresas de Marcial Dorado Baúlde foron as tres nas que Alberto Núñez Feijóo ten formado parte do Consello da Xunta de Galicia (2001-2005, 2009-2012, 2012-).
- A maior axuda pública da Xunta que recibiu unha empresa ou sociedade de Marcial Dorado Baúlde foi en 2007, co bipartito PSOE-BNG: 125.097 euros. É a única axuda, subvención ou pago que recibiu unha empresa de Marcial Dorado Baúlde sen ningún tipo de contraprestación para a administración.
- O 97% dos pagos da Xunta a empresas de Marcial Dorado Baúlde durante os gobernos do Partido Popular foron mentres era inocente ante a Xustiza.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

- O 100% dos pagos da Xunta de Galicia a empresas de Marcial Dorado Baúlde durante o goberno bipartito PSOE-BNG, a lexislatura de maior contía, tiveron lugar cando Marcial Dorado Baúlde xa estaba xulgado e condenado.

A Xustiza, nas súas diferentes investigacións, nunca ten posto en cuestión a legalidade de ningún destes pagos e a Xunta de Galicia tampouco o fai ao respecto da actuación da administración en calquera das súas etapas, incluída a do bipartito PSOE-BNG, a de maior contía, por máis que Marcial Dorado Baúlde estaba xa entón xulgado e condenado nese momento.

Pagos realizados por lexislatura, ordenados segundo contía (euros):

LEXISLATURA	GOBERNO	CONTÍA	% TOTAL
2005 – 2009	PSOE – BNG	131.799 €	44.81%
1993 – 1997	PP	96.709 €	32,88%
1997 – 2001	PP	54.209 €	18,43%
2001 – 2005	PP	6.316 €	2,15%
2009 – 2012	PP	5.110 €	1,74%
2012 -	PP	0 €	0 %

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

*\*O actual Presidente da Xunta non ocupou ningún cargo na administración autonómica galega entre maio de 1996 e xaneiro de 2003; e entre agosto de 2005 e abril de 2009.*

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

**Pagos realizados pola Xunta de Galicia a empresas de Marcial Dorado Baúlde (relacionados por lexislatura):**

<b>Pagos realizados na IV Lexislatura</b>			
<b>Ano</b>	<b>Concepto do pago</b>	<b>Sociedade</b>	<b>Importe €</b>
<b>1994</b>	Construción dun barco auxiliar de bateas <b>Consellería de Pesca</b>	Mitulo	46.528,63
<b>1995</b>	Construción dun barco auxiliar <b>Consellería de Pesca</b>	Mitulo	28.297,37
<b>1997</b>	Axudas á contratación maiores 25 anos <b>Consellería de Familia, Muller e Xuventude</b>	Mitulo	7.212,15
<b>1995</b>	Financiamento das axudas á contratación <b>Consellería de Familia, Muller e Xuventude</b>	Xatevín	3.667,81
<b>1996</b>	Subvención contratación maior e menor <b>Consellería de Familia, Muller e Xuventude</b>	Xatevín	3.667,81
<b>1995</b>	Financiamento das axudas á contratación <b>Consellería de Familia, Muller e Xuventude</b>	Efectos Navales Arousa	7.335,62
		<b>32,88%</b>	<b>96.709,39</b>

<b>Pagos realizados na V Lexislatura</b>			
<b>Ano</b>	<b>Concepto do pago</b>	<b>Sociedade</b>	<b>Importe €</b>
<b>1998</b>	Construción 3 bateas <b>Consellería de Pesca</b>	Mitulo	50.845,62
<b>1998</b>	Axudas á contratación <b>Consellería Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude</b>	Inmobiliaria Marli	1.803,04
<b>2000</b>	Modernización barco auxiliar Mitulo <b>Consellería de Pesca</b>	Mitulo	1.560,35
		<b>18,43%</b>	<b>54.209,01</b>

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

<b>Pagos realizados na VI Lexislatura</b>			
<b>Ano</b>	<b>Concepto do pago</b>	<b>Sociedade</b>	<b>Importe €</b>
<b>2001</b>	Axudas á contratación discapacidade <b>Consellería Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude</b>	Inmobiliaria Marli	3.906,58
<b>2001</b>	Factura adquisición diverso material complementario <b>Consellería de Pesca</b>	Efectos Navales Arousa	422,99
<b>2001</b>	Factura adquisición diverso material ferretería <b>Consellería de Pesca</b>	Efectos Navales Arousa	345,11
<b>2003</b>	Suministro de efectos navais para embarcacións (encontro embarcacións tradicionais Illa de Arousa) <b>Consellería de Cultura e Turismo</b>	Efectos Navales Arousa	1.641,46
		<b>2,15%</b>	<b>6.316,14</b>

<b>Pagos realizados na VII Lexislatura</b>			
<b>Ano</b>	<b>Concepto do pago</b>	<b>Sociedade</b>	<b>Importe €</b>
<b>2007</b>	Axuda para compensar danos por inundacións do mes de novembro <b>Consellería de Innovación e Industria</b>	Inmobiliaria Marli	125.097,00
<b>2007</b>	Convocatoria axudas para o fomento da propiedade industrial <b>Consellería de Innovación e Industria</b>	Mitulo	3.955,20
<b>2008</b>	Convocatoria axudas para o fomento da propiedade industrial <b>Consellería de Innovación e Industria</b>	Mitulo	2.746,90
		<b>44,81%</b>	<b>131.799,10</b>

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

<b>Pagos realizados na VIII Lexislatura</b>			
<b>Ano</b>	<b>Concepto do pago</b>	<b>Sociedade</b>	<b>Importe €</b>
<b>2009</b>	Gastos estudo de viabilidade repoboacións rodaballo <b>Consellería do Mar</b>	Efectos Navales Arousa	364,96
<b>2009</b>	Accións de investigación de minicriadoiros <b>Consellería do Mar</b>	Efectos Navales Arousa	3.331,32
<b>2009</b>	Accións de investigación en cultivos multitróficos e en melloras do deseño e control de repoboación ollomol, rodaballo. <b>Consellería do Mar</b>	Efectos Navales Arousa	655,00
<b>2010</b>	Estudios e gastos menores s/ repoboación de rodaballo e lumbricante <b>Consellería do Mar</b>	Efectos Navales Arousa	358,45
<b>2011</b>	Proxecto de investigación Iberomare <b>Consellería do Mar</b>	Efectos Navales Arousa	163,63
<b>2012</b>	Gastos de repoboación de especies mariñas <b>Consellería do Medio Rural e do Mar</b>	Efectos Navales Arousa	236,81
		<b>1,74%</b>	<b>5.110,17</b>

<b>Pagos realizados na IX Lexislatura</b>			
<b>Ano</b>	<b>Concepto do pago</b>	<b>Sociedade</b>	<b>Importe €</b>
-	-	-	-
		<b>0%</b>	<b>0</b>

SAÚDOS,  
COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

